

**Proposta do tribunal cualificador proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 20 prazas de actrices e actores para a produción *Phoné* (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2023-2024**

Dentro da planificación do ano 2023 e coa perspectiva no 2024 o Centro Dramático Galego promove a produción dun espectáculo para o que se precisa a contratación de actores e actrices baixo o título provisional "Phoné".

Co obxecto de levar a cabo a produción teatral prevista para o segundo semestre do ano 2023 e o ano 2024, e en consecuencia, proceder á selección das actrices e actores que formarán parte do elenco para a súa contratación mediante relación laboral de carácter especial, previa aprobación do Consello Reitor, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección.

Con data 12 de xuño de 2023 Publícase no DOG nº 110 o Anuncio do 5 de xuño de 2023 polo que se dá publicidade á convocatoria e ás bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 20 prazas de actrices e actores para a produción Phoné (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2023-2024. Trátase dun proxecto de creación a partir de textos de Tamara Canosa e outros autores.

Por todo o que antecede



**PROPOÑO:**

Á dirección da Agadic nomear o tribunal cualificador, titulares e suplentes, deste proceso selectivo que, de acordo coa base terceira das bases reguladoras da selección de actores/actrices para as produción do ano 2023-2024 do Departamento de produción teatral da Agadic, con título provisional "Phoné", terá a seguinte composición:

**Presidencia**

Francisco Javier Núñez Alonso, titular

Francisco Veiga Bellón, suplente

**Vogalía**

Tamara Canosa Ferrio, titular

Xacio Rodríguez Baño, titular

Laura Míguez Escudero, titular

Rut Balbís Calviño, suplente

Xosé Lois Romero Cajigal, suplente

**Secretaría**

José Manuel González Sanmartín, titular

Sandra Penas Rivadulla, suplente

O tribunal quedará validamente constituído coa asistencia de como mínimo a metade máis un dos seus membros e maila asistencia da presidenta/e e da secretaria/o.

En Santiago de Compostela, asina na data que figura na marxe,

Coordinador do Departamento de Producción Teatral

Francisco Javier Núñez Alonso

